

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE

TÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Denominación e Natureza

Ao amparo do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, e de acordo co artigo 27-26º do Estatuto de Autonomía para Galicia, coa denominación de "Fundación Compostela Deporte" (en adiante, a Fundación), constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo en consecuencia realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Réxime

A Fundación rexerese polos presentes estatutos, polos Regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables; en concreto pola Lei do Parlamento de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, das Fundacións de Interese Galego, pola Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, polo Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, ou no seu caso polas disposicións que as substitúan.

Así mesmo, tamen se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, polas normas regulamentarias que a desenvolvan, pola Lei 49/2002, do 23 de Decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado; polo R.D. 1270/2003, de 10 de Outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado, así como polo resto das disposicións legais de dereito civil, mercantil, laboral ou administrativo que sexan de aplicación.

Artigo 4.- Enderezo

O enderezo da Fundación radicará nas oficinas do Estadio Multiusos de San Lázaro s/n en Santiago de Compostela.

Artigo 5.- Ámbito de actuación

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

TÍTULO SEGUNDO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6.- Fins

A Fundación ten por obxecto o fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da cidade de Santiago e a consolidación ou atracción de eventos deportivos que poidan celebrarse na cidade de Santiago, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento á sociedade en xeral.

O Padroado terá plena liberdade para determinar a actividade da Fundación, dentro dos seus fins, de cara a aqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento, para o cal entre as accións xerais poderá:

1. Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo desta Fundación.
2. Outorgar bolsas e axudas ou prestacións económicas no ámbito da actividade deportiva de competición da cidade.
3. Convocar concursos e conceder premios en relación ás actividades deportivas no ámbito desta Fundación.
4. Promover e editar as publicacións que estimen máis convenientes para a súa difusión entre a cidadanía.
5. Promover e organizar accións formativas a través dos axentes que procedan.
6. Interesar apoios, axudas públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da Fundación.
7. Dispor na forma legal ou estatutariamente prevista e administrar recursos e aplicalos aos fins da Fundación.

TÍTULO TERCEIRO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS O CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 7.- Destino das rendas e ingresos

7.1 A realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, a porcentaxe que en cada momento determine a normativa vixente, das rendas ou calquera outro ingreso neto (a excepción das contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación) que obteña a fundación, debendose destinalo resto a incrementa-la dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo padroado.

7.2. Os gastos de administración non poderán supera-la porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 8.- Beneficiarios da Fundación

Serán beneficiarios da Fundación as persoas físicas e xurídicas que reúnan algunhas das seguintes condicións:

- a. Ter capacidade individual ou de equipo para destacar no deporte de competición.
- b. Ter necesidades materiais, económicas ou físicas para o desenvolvemento de actividades de alto interese deportivo.
- c. Que o evento ou actividade deportiva teña un alto grao de convocatoria e interese na poboación.
- d. Contribuír coa súa colaboración á vertebración e verticalidade da estrutura deportiva do municipio.
- e. Ter necesidades formativas nos distintos estamentos do deporte afincados na cidade de Santiago.

A determinación dos beneficiarios efectuarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

TÍTULO CUARTO

GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 9.- Natureza

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e os presentes Estatutos.

Artigo 10.- Composición do Padroado

O Padroado estará composto por un mínimo de dous representantes de cada unha das entidades fundadoras; o Alcalde do Concello de Santiago e o Concelleiro Delegado de Deportes por parte do Concello de Santiago de Compostela, e un máximo de trinta membros. O primeiro padroado será designado na escritura de constitución.

Poderán ser designados membros do órgano de goberno, as persoas físicas e xurídicas, a título particular ou por razón de cargo.

Artigo 11.- Aceptación do cargo de patrón e substitución

Os membros do órgano de goberno da Fundación entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptaren o cargo expresamente. Esta aceptación poderá facerse constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente ou en certificado do Padroado, coas sinaturas do secretario e presidente e faranse constar no Rexistro de Fundacións.

Producida unha vacante, en prazo máximo de seis meses o Padroado designará unha persoa para ocupar a mesma.

Artigo 12.- Cesamento dos membros do órgano de goberno

12.1. O cesamento dos membros de goberno da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por renuncia comunicada coas debidas formalidades.
- c) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- d) Polo cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do Padroado.
- e) Por resolución xudicial.
- f) Polo transcurso do período do seu mandato se foran nomeados por un determinado tempo.

12.2. A renuncia será efectiva desde que se lle notifique polo padroado da fundación. Comunicarase formalmente ao Protectorado e inscribirse no Rexistro de Fundacions.

Artigo 13.- Organización do Padroado

Existirán os seguintes cargos no padroado:

- Presidente/a da Fundación, que será exercido polo Alcalde/sa – Presidente/a do Concello de Santiago de Compostela.
- Vicepresidente/a da Fundación, que será exercido polo Concelleiro/a Delegado/a de Deportes do Concello de Santiago.
- Vocais do Padroado, que serán os demais membros do Padroado da Fundación.
- O/A tesoureiro/a, que será designado/a polo presidente/a da Fundación de entre os membros do Padroado ou por unha persoa allea ao mesmo. Neste último caso asistirá ás reunións con voz pero sen voto.
- O/A secretario/a, que será designado polo presidente da Fundación entre os membros do Padroado ou por unha persoa allea ao mesmo. Neste último caso asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

Outros cargos que se poderan nomear:

- Un/unha Asesor/a Técnico/a que o Padroado poderá nomear, a proposta do Presidente/a da Fundación, que asistirá ás reunións do Padroado con voz pero sen voto.

Artigo 14.- O/A Presidente/a

Ao presidente ou presidenta correspóndelle exercer a representación da fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocar as reunións do Padroado, presidilas, dirixir os seus debates e, no seu caso, executar os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Artigo 15.- O/A Vicepresidente/a

Corresponderalle ao vicepresidente ou vicepresidenta realizar as funcións de presidente nos casos de estar vacante o posto por ausencia, enfermidade ou delegación, podendo actuar tamén en representación da Fundación naqueles supostos que así se determine por acordo do Padroado ou delegación do/a Presidente/a.

Artigo 16.- O/A secretario/a

Son funcións do/a secretario/a a custodia da documentación pertencente á Fundación, levantar actas correspondentes ás reunións do Padroado, expedir as certificacións e os informes que sexan necesarios e todos aqueles que expresamente lle deleguen. Nos casos de enfermidade, ausencia ou vacante, fará as funcións de secretario o vocal de menor idade do Padroado.

Artigo 17.- O/A tesoureiro/a

É función do tesoureiro ou tesoureira o control das contas de ingresos e gastos motivados das actividades da Fundación, levando un libro de contabilidade das contribucións das entidades colaboradoras ou benfeitoras da Fundación.

Artigo 18.- Facultades do Padroado

Correspóndelle ao Padroado o goberno, representación e administración da Fundación, así como a modificación dos presentes Estatutos, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Con independencia das funcións que lle outorgan os presentes Estatutos e sen prexuízo de solicitar, no seu caso, as preceptivas autorizacións do Protectorado, a título meramente enunciativo serán facultades do Padroado:

- a) A elección de novos membros do Padroado.
- b) Nomeamento dos membros do Comité Executivo da Fundación segundo as funcións definidas nos presentes Estatutos.
- c) Nomear a persoa para ocupar o cargo de Xerencia da Fundación, dunha terna proposta polo presidente do Padroado.
- d) Os actos e negocios xurídicos concernentes á representación xudicial e extraxudicial e goberno da Fundación, así como a libre administración e disposición de todos os bens que integren o seu patrimonio e produtos do exercicio de todos os dereitos e accións, dentro das disposicións estatutarias e legais.
- e) Aprobar as liquidacións de orzamentos, o inventario, balanço e a memoria anual das actividades.
- f) Aprobar as modificacións necesarias dos investimentos de capital fundacional.
- g) Interpretar os estatutos e establecer as normas complementarias que sexan pertinentes de acordo coa lexislación vixente, así como resolver todas as incidencias legais que se deriven da propia actividade.
- h) Acordar as modificacións dos estatutos.
- i) Decidir en relación co desenvolvemento das actividades da Fundación, aprobar os programas de actuación e os orzamentos.
- j) Acordar a constitución de órganos de asesoramento e supervisión, determinando as súas atribucións, a forma de designación e o cesamento dos seus membros e a forma de deliberaren e tomaren acordos.
- k) En xeral, realizar todos os actos e intervir en negocios xurídicos e outorgar calquera contrato que fose conveniente para unha mellor administración e disposición das vendas e bens e para o exercicio dos dereitos, accións e facultades que procedan para a mellor realización e cumprimento das finalidades fundacionais.

O órgano de goberno poderá delegar as súas facultades nun ou máis dun dos seus membros e nomear apoderados xerais ou especiais con funcións e responsabilidades mancomunadas ou solidarias. Non son delegábeis a aprobación das contas, a formulación dos orzamentos, o alleamento e o gravame dos bens inmóbeis, das obras de arte e dos bens patrimoniais histórico-artísticos e documentais, así como os valores

mobiliarios non cotizados en bolsa, nin calquera outro acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.

As delegacións e apoderamentos deberán comunicarse ao Protectorado co obxecto de inscribirse no Rexistro de Fundacións, coa expresa mención das facultades delegadas ou atribuídas (artigo 5.3 do Decreto 248/1.992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego).

Artigo 19.- Reunións do Padroado e convocatoria

19.1. As reunións do Padroado poderán ser de carácter ordinario e extraordinario.

19.2. O Padroado reunirse, polo menos, con carácter ordinario dúas veces ao ano, a primeira dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio, para os efectos de redacción e aprobación do inventario-balance pechado na data do peche do exercicio económico, da memoria de actividades e da liquidación do orzamento de ingresos e gastos, correspondentes ao exercicio seguinte.

19.3. Antes de iniciar cada exercicio, o órgano de goberno da Fundación aprobará e remitirá ao Protectorado o orzamento de ingresos e gastos correspondentes a dito exercicio, non podendo presentarse con déficit.

19.4. O Padroado reunirse con carácter extraordinario cando o acorde o seu presidente ou o solicite a maioría dos seus membros, expresando na súa solicitude os asuntos a tratar. Neste último caso a reunión deberá ser convocada para que teña lugar dentro dos trinta días seguintes á data na que para o efecto se notifique fidedignamente ao presidente/a; na orde do día incluíranse necesariamente os asuntos que fosen obxecto da solicitude.

19.5. A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de antelación á data da súa realización, utilizando como medio que permita deixar constancia da súa recepción. Na mesma farase constar o lugar, día e hora da realización da reunión, acompañándose, así mesmo da orde do día.

19.6. Non será preciso convocatoria previa cando se atopen presentes todos os membros do órgano de goberno e acorden por unanimidade a realización da reunión.

19.7. As reunións do Padroado serán presididas polo presidente do mesmo ou, no seu defecto, polo vicepresidente.

Artigo 20.- Constitución e acordos

As reunións do Padroado quedarán validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados legalmente, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes e será decisorio no caso de empate o voto do seu presidente. Será necesario o voto favorábel das dúas terzas partes dos asistentes sempre que, ademais supoña maioría absoluta do número dos seus membros, para a adopción dos acordos en que así se establece expresamente

no Regulamento da Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Artigo 21.- Obrigacións do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberá axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes Estatutos.

Correspóndelle ao Padroado cumprir cos fins fundacionais e administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o rendemento e utilidade dos mesmos.

O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 22.- Obrigacións e responsabilidades dos membros do órgano de goberno

Entre outras, son obrigacións dos membros do órgano de goberno facer que se cumpran os fins da Fundación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o cargo con dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da Fundación e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes Estatutos.

Os membros do Órgano de goberno responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á Lei ou aos Estatutos ou polos realizados negligentemente, na forma que en cada momento determine a lexislación vixente.

Artigo 23.- Axudas de custos e remuneracións

Os membros do órgano de goberno exercerán o seu cargo de forma gratuíta sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os membros do órgano de goberno terán dereito a que lles sexan reembolsados os gastos debidamente xustificadas que o desenvolvemento da súa función lles ocasione.

Artigo 24.- Regulamento interno

A Fundación poderá crear un regulamento interno que determine as normas de funcionamento de acordo coa legalidade vixente.

Artigo 25.- Comité Executivo

Crearase un Comité Executivo, integrado polos seguintes membros:

- Vicepresidente/a da Fundación.
- Un membro do órgano de goberno de cada unha das entidades fundadoras.
- Xerente da Fundación.

Este Comité Executivo exercerá por delegación do Padroado todas as funcións de xestión e administración efectivas de cara a unha operatividade e adecuación do cumprimento dos acordos, programas e obxectivos do Padroado. Nesta delegación de funcións quedan exceptuadas as que son indelegábeis segundo o Decreto 248/1992.

Serán asesores deste Comité executivo o/a Tesoureiro/a, o/a Secretario/a, e o/a Asesor/a Técnico/a do Padroado. No caso de realizaren estas funcións persoas non membros fundadores do Padroado, asistirán ás reunións con voz pero sen voto.

O/A Xerente da Fundación, como membro do Comité Executivo, será nomeado polo padroado, terá carácter profesional e asistirá ás reunións do Padroado e do Comité Executivo con voz pero sen voto e exercerá as funcións de xestión para o desenvolvemento das necesidades derivadas dos acordos do Comité Executivo, administrando e formalizando os medios dispostos e dando conta dos mesmos ao Presidente/a do Padroado para a súa ratificación por este, na primeira reunión que realice.

Artigo 26.- Comités Asesores do Padroado

Unha vez constituída a Fundación, o Padroado poderá estruturar uns comités de carácter consultivo nos que estarán representados os sectores implicados directamente no ámbito de actuación da Fundación. Así mesmo, o Padroado regulamentará o funcionamento dos mesmos.

TÍTULO QUINTO

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27.- Patrimonio Fundacional

O patrimonio da Fundación estará integrado por todos os bens e dereitos susceptíbeis de valoración económica, que constitúen a dotación inicial da Fundación e que se reflicten na acta fundacional e por aqueles outros que no sucesivo acheguen á mesma con este carácter.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións. Os que sexan susceptíbeis de inscrición, inscribiranse nos rexistros correspondentes.

Artigo 28.- Constitución do patrimonio

O patrimonio da Fundación pode estar constituído por toda clase de bens e dereitos.

Artigo 29.- Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculadas dunha maneira directa e inmediata ao cumprimento dos fins que a Fundación persigue.

Artigo 30.- Da financiación

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, no seu caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestadas por ela aos seus beneficiarios na forma e cos requisitos establecidos no artigo 21.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego. As cantidades que excepcionalmente poida percibir a Fundación do conxunto dos seus beneficiarios non poderán exceder do custo real do servizo ou a prestación, sen marxe comercial de ningunha clase.

Artigo 31.- Réxime financeiro

Na xestión económico-financieira, a Fundación rexerase polos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A Fundación levará aqueles libros que sexan adecuadas para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será en todo caso necesario formular e levar os seguintes libros e documentación:

- | | |
|-----------------------------------|-------------------|
| a) Inventario- balance | d) Libro diario |
| b) Memoria | e) Libro de actas |
| c) Orzamentos e a súa liquidación | |

Artigo 32.- Confección de orzamentos, rendición de contas e memoria social de actividades

Confeccionarase o orzamento correspondente ao ano seguinte, no que se recollerán con claridade os ingresos e os gastos, que deberá ser aprobado polo Padroado e remitido ao Protectorado, xunto cunha memoria explicativa, nos tres últimos meses do ano anterior.

Un exemplar do inventario- balance, a memoria anual e a liquidación do orzamento do ano precedente serán enviados anualmente ao Protectorado, no prazo de seis meses seguintes á data de peche do exercicio, acompañados de certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade.

TÍTULO SEXTO

DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 33.- Modificación dos Estatutos

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes Estatutos sempre que resulte adecuada aos intereses da Fundación e cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente.

A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo Padroado será aprobada polo Protectorado.

Artigo 34.- Extinción da Fundación

A fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 35.- Liquidación e adxudicación do patrimonio

No caso de extinción, aos bens daráselles o destino que o Padroado determine, de acordo co ordenado pola lexislación vixente.

CLÁUSULA ADICIONAL I

En todo caso, o previsto nos presentes Estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que o Protectorado atribúe á lexislación vixente e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a Fundación expresamente se somete.

CLÁUSULA ADICIONAL II

Exceptuando naqueles usos documentais ou comunicativos que teñan de surtir efecto fóra de Galiza, a lingua da Fundación Compostela-Deporte será o idioma galego.